



*Memoria 2023*

# EAPN GALICIA

*Rede Europea Contra a Pobreza*

*[www.pobreza.gal](http://www.pobreza.gal)*

# Índice

PRESENTACIÓN.....	2
ACTUACIÓN REALIZADAS .....	5
EMERXENCIA VIVENDA.....	5
UNIDAS EN DEFENSA DOS DEREITOS .....	8
AXENDA SOCIAL DE GALICIA 2023 .....	13
INCIDENCIA POLÍTICA DURANTE AS ELECCIÓN .....	13
GRUPOS DE TRABALLO .....	15
SEMINARIOS. UN XEITO DE ACHEGAR Á CIDADANÍA OS TEMAS QUE NOS PREOCUPAN.....	20
INCIDENCIA AMTEGA. FENDA DIXITAL, INTELIXENCIA ARTIFICIAL, IMPLICACIÓN TERCEIRO SECTOR DE ACCION SOCIAL .....	22
GRUPOS AD HOC PARA UN MELLOR CUMPLIMENTO DE OBXECTIVOS .....	23
CREACIÓN DO FORUM XURÍDICO DO TERCEIRO SECTOR SOCIAL GALEGO .....	24
OUTRAS ACTUACIÓN DE INCIDENCIA POLÍTICA SOBRE NORMATIVA XURÍDICA DE APLICACIÓN .....	25
II CUMIO GALEGO CONTRA O DISCURSO DO ODIO E A APOROFOBIA.....	25
PARTICIPACIÓN EN EVENTOS LOITA CONTRA A POBREZA, PREXUÍZOS E APOROFOBIA .....	27
XIV ENCONTRO GALEGO DE PARTICIPACIÓN E APOIO A DELEGACIÓN ENCONTRO ESTATAL E EUROPEO .....	28
LOITA POLA ERRADICACIÓN DA POBREZA.....	30
APOIO ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA: CONSELLO ECONOMÍA SOCIAL .....	31
CAMPAÑA X SOLIDARIA IRPF E IMPOSTO SOCIEDADES 2023.....	32
INCIDENCIA INCLUSIÓN FINANCEIRA E APOROFOBIA BANCARIA. DOCUMENTO GUÍA PARA ENTIDADES.....	33
PLAN RENOVE ELECTRODOMÉSTICOS. INFORME E DIFUSIÓN SOBRE OPORTUNIDADE PERSOAS VULNERABLES .....	33
CAMPAÑAS COMUNICACIÓN: #EMERXENCIAVIVENDA, #POBREZAGALICIA #APOROFOBIABANCARIA #POBREZA28M .....	34
BOLETÍN PARA UNHA MELLOR DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN .....	35
PLAN TRANSFORMACIÓN DIXITAL EAPN GALICIA (OFFICE 365, ONE DRIVE, TEAMS, NOVA WEB).....	35
COLABORACIÓN CA VALEDORÍA DO POBO. XORNADA PARTICIPACIÓN E INFORMES EXCLUSIÓN BANCARIA E CHABOLISMO/INFRAVIVENDA.....	36
MÁS INFO .....	37

## PRESENTACIÓN

A Rede Europea de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social no Estado Español da **Comunidade Autónoma de Galicia (EAPN Galicia)** é unha entidade non lucrativa e de acción social que agrupa a entidades autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social.

EAPN Galicia nace en setembro de 2008 como resposta natural á necesidade de crear unha ferramenta de intervención social capaz de elaborar estratexias que incidan nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia. **Non existía daquela nin existe actualmente, ningunha outra ONG ou plataforma que realice este tipo de actuacións.**

Na actualidade, EAPN Galicia, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2009/012813-1 e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5769, está constituída por 128 ONG de primeiro nivel **a través dos seus 33 socios directos**<sup>1</sup>, todas elas entidades representativas de colectivos vulnerabilizados que unen en rede os seus esforzos para acadar sinerxías e crear unha plataforma que denuncie as desigualdades sociais, que canalice e dea voz ás demandas do sector para a súa introdución na axenda política.

Accem Galicia | Acción Contra el Hambre | Arela | Asamblea de Cooperación Pola Paz (ACPP) | Asociación para a Prevención e a Educación Social (APES) | Asociación de Migrantes de Galicia (AMIGA) | Asociación para a Prevención da Exclusión Social (APES) | Boa Vida Inclusión Activa | Cáritas Lugo | Cáritas Mondoñedo-Ferrol | Cáritas Ourense | Cáritas Tui-Vigo | Centro Desenvolvemento Rural O Viso | Centro Desenvolvemento Rural Portas Abertas | Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) | Ecos do Sur | Emaús Fundación Social | Federación Alzheimer Galicia (FAGAL) | Federación Autismo Galicia | Federación Down Galicia | Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) | Fundación Amaranta | Fundación ECCA Social | Fundación Érguete Integración | Fundación Esplai | Fundación Juan Soñador | Fundación Meniños | Fundación Ronsel | Fundación Secretariado Xitano | Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (Ilgaxes) | Médicos do Mundo | Mestura | Provivenda | Saúde Mental FEAFES Galicia | AEIGA

<sup>1</sup> <http://eapn-galicia.com/entidades-membro/>

EAPN-Galicia forma parte tamén da **European Anti Poverty Network (EAPN Europa)** rede no nivel europeo que leva traballando de modo independente dende 1990, e está integrada en **EAPN España** xunto ás redes autonómicas de todo o estado e cidades autónomas.

EAPN Galicia é a **única plataforma existente na comunidade que agrupa a entidades sociais** que traballan con practicamente todos aqueles colectivos vulnerables establecidos no Artigo 3.1 da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia. En ningún caso presta servizos directos a persoas en situación ou risco de pobreza ou exclusión, tampouco ten a posibilidade de presentarse a convocatorias de inclusión social as que xa se presenten as súas entidades membro.

Os obxectivos e actuacións de EAPN Galicia son aquelas que aseguran a unión de esforzos, a creación de sinerxías e o aumento da eficacia e eficiencia das actuacións das súas entidades membro, en especial:



É notable o crecemento experimentado por EAPN Galicia derivado da demanda das súas organizacións membro e do seu papel como interlocutor diante de todo tipo de administracións públicas galegas en todos os eidos relacionados coa inclusión social. Así, xa no 2013 as entidades membro de EAPN Galicia contaban con 1.188 persoas traballadoras e 4.304 persoas voluntarias, beneficiando de xeito directo ou indirecto a máis de 450.000 persoas.

Durante o 2023, EAPN mantivo unha comunicación estable coas **Consellerías de Política Social, Medio Ambiente Infraestruturas e Vivenda e Emprego e Igualdade**. Tamén coa **Secretaría Xeral de Igualdade** e coas **Consellerías de Facenda e Medio Rural** ao ser EAPN membro do **Comité de Seguimento do Fondo Social Europeo Galicia 2014 -2020** e do **FEADER Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020** e dende 2022 do **FEDER**.

Durante este período, EAPN Galicia tamén foi membro do **Consello Galego de Benestar, do Consello Galego de Acción Voluntaria** e dende 2019 membro de pleno dereito do **Consello de Economía Social**, en representación das entidades do Terceiro Sector de Acción Social galego.



## ACTUACIÓNS REALIZADAS

### EMERXENCIA VIVENDA

#### 1.-INFORME VIVENDA EN GALICIA 2023. CONVOCATORIA INCLUSIÓN SOCIO-RESIDENCIAL E ACCESO A COLECTIVOS VULNERABLES. BONO ALUGUEIRO.

Neste 2023, dende EAPN Galicia realizouse unha intensiva e continua incidencia no fomento do acceso a unha **vivenda digna, axeitada e accesible**, fomentando espazos de reflexión e diálogo entre profesionais das Administracións Públicas, entidades do Terceiro Sector e outros axentes sociais que traballan para favorecer a inclusión das persoas vulnerables.

En base ao feito no ano anterior, elaborouse o informe "**Vivenda digna, axeitada e accesible. Informe de posicionamento 2023**". Este informe realiza unha diagnose sobre a situación da vivenda en Galicia. No informe realízase unha análise de distintas realidades relacionadas coa vivenda: senfogarismo, infravivenda, desafiuamentos, a accesibilidade, emancipación da mocidade, as deficiencias nas condicións de habitabilidade das vivendas, o parque social de vivenda e a necesidade de alugueiro social, a situación da vivenda baleira, o encarecemento do alugueiro e o alto custe dos gastos relacionados coa vivenda.

Ademais diso, recóllense os recursos e acción pública en materia de vivenda do goberno central, Xunta de Galicia e Concellos, así como propostas e demandas dende EAPN Galicia para garantir o acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible.



#### INFORME DE POSICIONAMENTO 2023

EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza  
Pobreza.gal



No que respecta ao **Bono Alugueiro** realizouse unha análise completa da subvención do programa de axuda ao alugueiro de vivenda do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

Realizamos tamén unha análise comparativa entre o Programa de axuda ao alugueiro de vivenda do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025 e o as axudas do Bono de alugueiro Social da Xunta de Galicia.

EAPN Galicia elaborou e presentou as propostas para a Sección Social do Observatorio Galego da Vivenda aínda que finalmente esta epígrafe do organismo non chegou a ser creado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. Esta propostas foron transmitidas ao Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, ao IGVS e as Consellerías de Política Social e de Facenda no marco dos fondos Next Generation e FEDER.

---

## 2.-EXPOSICIÓN ITINERANTE #EMERXENCIAVIVENDA

---

No ano 2021, lanzouse a campaña **#EmerxenciaVivenda: Polo dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible**<sup>2</sup> co obxectivo de chamar a atención sobre a emerxencia residencial. Desde entón, e pola súa gravidade, foi e está a ser un dos temas de maior incidencia de actividade de EAPN-Galicia.

Dentro desta campaña, EAPN Galicia en colaboración coa Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR), puxo en marcha o **concurso de fotografía #EmerxenciaVivenda** co obxectivo de amosar a realidade da exclusión residencial en Galicia. En xaneiro de 2023, e tras a valoración do xurado, anunciamos aos tres gañadores do concurso aos que outorgamos distintos premios.



---

<sup>2</sup> <https://eapn-galicia.com/a-falta-de-acceso-a-unha-vivenda-digna-adecuada-e-accesible-impide-a-loita-contra-a-pobreza-en-galicia-emerxenciavivenda/>

As fotografías premiadas, así como as mais votadas polo xurado, pola súa calidade ou interese social formaron parte da [Exposición itinerante](#)<sup>3</sup> #EmerxenciaVivenda que se inaugurou o día 30 de marzo, no marco da **Asemblea ordinaria de EAPN Galicia**, contando coa participación de entidades do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia.

A exposición percorreu distintas localizacións en Galicia (Lugo, Santiago de Compostela, Verín, Pontevedra, A Coruña), contando coa participación de entidades membro e doutros actores sociais.

---

### 3.-NOVA CONVOCATORIA INVESTIMENTOS E INSERCIÓN SOCIO-RESIDENCIAL PERSOAS VULNERABLES

---

Tras manter unha xuntanza co IGVS para analizar a inclusión socio-residencial de persoas vulnerables, EAPN-Galicia elaborou unha análise dos aspectos relativos á cuestión tratada nas convocatorias de inclusión do ano 2020 e do ano 2022.

Con relación a convocatoria de inclusión para os anos 2023-2025 ás demandas de EAPN- Galicia en materia socio-residencial avogaban polo establecemento dos seguintes criterios:

- 1 Manter as prestacións do servizo de apoio á inclusión socio-residencial
- 2 A existencia dun módulo específico dedicado á inclusión socio-residencial
- 3 Manter un mínimo orzamentario aos programas para persoas sen fogar ou en exclusión severa
- 4 Engadir partidas que correspondan as xestións inmobiliarias.
- 5 Posibilidade de percibir o 100% do anticipo unha vez aceptada a resolución
- 6 Presentar un certificado acreditativo de que os beneficiarios son persoas sen fogar ou en exclusión social

---

<sup>3</sup> <https://eapn-galicia.com/nas-eleccions-municipais-do-28m-cantas-vivendas-van-a-facilitar-no-seu-concello-onde-van-a-estar-como-van-a-ser/>



---

## UNIDAS EN DEFENSA DOS DEREITOS

---

---

### 1.- NINGUÉN SEN O MÍNIMO. PARA FACILITAR O ACCESO AO INGRESO MINIMO VITAL

---

Durante o ano 2023, EAPN Galicia continuou traballando no proxecto posto en marcha o ano anterior, proxecto Acceso Vital: "[Detección e mobilización das persoas elixibles para o ingreso mínimo vital en situación de Non Take-Up](#)"<sup>4</sup> (NTU), o cal se desenvolveu en Galicia ata o 31 de outubro do 2023, en colaboración con EAPN España e o resto de Redes Territoriais, financiado polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migracións no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Un dos **obxectivos principais do proxecto foi identificar as barreiras de acceso ao Ingreso Mínimo Vital**. As accións realizadas no 2022 incluíron a posta en marcha do proxecto e do equipo que o vai a levar a cabo en Galicia, a proposta e definición dos territorios nos que se levará a cabo e formación sobre o proceso da investigación no deseño da investigación, a través de diferentes xuntanzas e actividades.

Durante o 2023, tivo lugar o traballo de campo correspondente a este proxecto. O 3 de abril comezou o traballo de campo, baseado nunha estratexia de alcance intensivo co fin de facilitar o Ingreso Mínimo Vital (IMV) ás persoas que están en situación de pobreza severa. Esta fase baseouse en dous eixos estruturais: o desenvolvemento dunha campaña de comunicación para poder informar á poboación en 200 zonas e ofrecer atención ás persoas potencialmente elixibles, acompañándoas e asesorándoas para a solicitude desta renda.

O acompañamento e asesoramento ás persoas en posible situación de Non Take-Up é un dos obxectivos principais deste [proxecto impulsado dende EAPN España](#)<sup>5</sup> no que se quere abordar unha das principais causas da fenda na solicitude do IMV.

---

<sup>4</sup> <https://eapn-galicia.com/por-que-o-ingreso-minimo-vital-non-esta-a-chegar-a-todas-as-persoas-que-tenen-dereito/>

<sup>5</sup> <https://www.eapn.es/actualidad/1553/arranca-el-proyecto-ingreso-minimo-vital-non-take-up>

O equipo de Galicia tivo presenza nesta fase en A Coruña, Lugo, Carballo, Camariñas, Dumbría, Ames, Ribeira, Vigo, Ourense, Ponte Caldelas e Ramirás onde foron acompañadas 196 persoas. Concellos, e Entidades Sociais configuráronse nesta fase como colaboradores clave facilitando un espazo para as técnicas do equipo. Tamén cederon os seus espazo entidades membro como **Fundación Juan Soñador**, APES **Prevención e Educación Social**, Emaús Galicia e Ecos do Sur.

Durante o período de traballo de campo, que durou ata o mes de xuño, Nestas semanas o equipo Acceso vital contou cun procedemento de atención vertebrado polas seguintes accións:

- ≡ Asesoramento ás persoas potencialmente elixibles para a solicitude do IMV.
- ≡ Acompañamento na tramitación da prestación.
- ≡ Valoración final das persoas técnicas dos equipos de campo dentro das actividades de peche.
- ≡ Orientación ás persoas beneficiarias do proxecto.
- ≡ Recollida de información para o estudo.
- ≡ Xestión da información

Posteriormente, elaboráronse informes territoriais sobre o proceso desenvolvido, así como un informe con recomendacións estratéxicas que permitan deseñar procesos de mellora da cobertura do IMV dende as Administracións Públicas.

No mes de outubro, tivo lugar baixo o lema "**Ninguén sen o mínimo**", celebrouse en Santiago de Compostela o **Foro de debate, "Acceso Vital en Galicia: Pobreza e garantía de ingresos"**.<sup>6</sup>

O obxectivo principal da xornada foi culminar un ano de intenso traballo en torno ás rendas mínimas e servir de espazo para a reflexión e o debate sobre os aspectos máis relevantes do sistema de Garantía de ingresos a nivel estatal e autonómico.



- > 11 nodos de intervención
- > Colaboración con entidades públicas e privadas (7/4)
- > 1 día de atención en cada localidade
- > Equilibrio horas de desplazamento – horas atención
- > Principales retos:
  - Dispersión
  - Presencia y comunicación en los territorios 'desde 0'

<sup>6</sup> <https://eapn-galicia.com/ninguen-sen-o-minimo-foro-de-debate-acceso-vital-en-galicia-pobreza-e-garantia-de-ingresos/>

A xornada tiña como obxectivo [presentar os resultados preliminares](#)<sup>7</sup> e tiveron lugar tres mesas de diálogo.

A primeira iniciouse coa intervención de Helder Ferreira, Coordinador Xeral do Proxecto Acceso Vital e Sara Abella, Coordinadora do Proxecto Acceso Vital en Galicia.

Unha das grandes cuestións que se formularon á hora de falar de garantía de ingresos é, **de onde partimos?** Este foi o tema central do primeiro diálogo do seminario, no cal se aportaron ideas claves sobre o sistema de garantía de ingresos actual, se este cumpre cos obxectivos principais, a súa adecuación á poboación destinataria, etc.

Nunha segunda mesa falouse dos futuros retos en Galicia. Incluíuse unha visión dende tres perspectivas fundamentais no funcionamento do sistema de garantía de ingresos: A Administración Local, a Autonómica e o Terceiro Sector de Acción Social. Nesta orde atopamos a Carlos Santos, Xefe de Servizos Sociais Comunitarios de A Coruña; Arturo Parrado e Inmaculada Pérez, Dirección Xeral de Política Social e Hector López, Coordinador Proyecto FAIN en Lugo, respectivamente.

Por último, unha terceira mesa de debate versou sobre a influencia que teñen outras políticas no funcionamento das rendas mínimas e viceversa. Nesta mesa estiveron presentes Ana Álvarez, Coordinadora Fundación Érguete-Integración; Ana Pardo, Directora Asociación Provivienda Galicia e Begoña Gil, Técnica superior na Unidade Técnico Administrativa RISGA-Vigo.

Posteriormente, tivo lugar o Espazo participativo: A experiencia do Proxecto Acceso Vital no terreo e melloras para o sistema de garantía de ingresos en Galicia.



<sup>7</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=-Gcud4nKuEM>

---

## 2.-PROGRAMA DE EMPREGO. INCLUSIÓN SOCIOLABORAL PARA PERSOAS VULNERABILIZADAS

---

Durante o 2023, o marco do programa de fomento da empregabilidade, EAPN Galicia continuou a facer unha incidencia específica en materia de inclusión socio laboral. Froito deste programa presentouse o [“Manual de boas prácticas para a inclusión sociolaboral con persoas vulnerabilizadas”](#)<sup>8</sup>. Este documento, que tamén ten [versión en castelán](#)<sup>9</sup> elaborouse durante dous anos no marco do Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e EAPN Galicia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia impulsado pola Unión Europea e o Ministerio de Traballo e Economía Social.

Durante os anos 2022 e 2023, 14 entidades do Terceiro Sector de Acción Social coordinadas por EAPN Galicia, desenvolveron de forma conxunta un programa para o fomento da empregabilidade e a inclusión socio-laboral no que participaron máis de 600 persoas en situación ou risco de exclusión social de toda Galicia, principalmente nas cidades de Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, pero tamén noutras localidades galegas.

A través de entrevistas e grupos de discusión, realizouse unha consulta con persoal técnico e directivo do TSAS, con profesionais do ámbito universitario e da administración local e autonómica, así como con persoas participantes no Programa Integrado.

O Manual pretende ser unha ferramenta práctica, con pautas e orientacións para desenvolver procesos de inclusión produtivos, ao tempo que un chamamento á acción social e política, con propostas para atallar as limitacións que se atopan en ditos procesos. Por un lado, achega unha proposta metodolóxica para configurar procesos de inclusión socio-laboral produtivos. Por outro, presenta propostas de mellora das políticas públicas para que os programas de inclusión socio-laboral poidan resultar


---

<sup>8</sup> [https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/01/ManualBBPP\\_InclusionVulnerabilizadas.pdf](https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/01/ManualBBPP_InclusionVulnerabilizadas.pdf)

<sup>9</sup> [https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/01/ManualBBPP\\_InclusionVulnerabilizadas-castellano.pdf](https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/01/ManualBBPP_InclusionVulnerabilizadas-castellano.pdf)



eficaces. As achegas quedan resumidas no Decálogo titulado 'O emprego é un dereito, non unha obriga'.<sup>10</sup>



No mes de novembro, na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, celebrouse o Simposio "A inclusión socio-laboral das persoas vulnerabilizadas: mellora das políticas públicas para erradicar a pobreza e a exclusión".<sup>11</sup> Foi o evento de peche do Programa Integrado.

Nel, presentáronse os resultados cuantitativos e cualitativos. Do balance destacou que melloraron a súa empregabilidade máis de 600 persoas en situación ou risco de exclusión social. Un total de 538 persoas completaron os itinerarios do Programa Integrado; e delas, 245 acadaron a inserción laboral. É dicir, obtívose unha taxa de inserción do 46%, duplicando os obxectivos comprometidos inicialmente, que eran dun 20%.

O simposio, que foi transmitido en streaming<sup>12</sup> tamén foi o evento no que se presentou o manual, e o seu resumo executivo, tanto en galego<sup>13</sup>, como en castelán<sup>14</sup>, redactado por Verónica Verdía Varela e Berta Lema Añón.



<sup>10</sup> [https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2023/11/EAPN\\_DecalogoEmprego.png](https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2023/11/EAPN_DecalogoEmprego.png)

<sup>11</sup> <https://eapn-galicia.com/as-claves-do-terceiro-sector-para-a-inclusion-sociolaboral-enfoque-centrado-na-persoa-perspectiva-integral-e-traballo-en-rede/>

<sup>12</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=cazL93ApWVc&t=1529s>

<sup>13</sup> [https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/01/ResExecutivo\\_ManualBBPP\\_InclusionVulnerabilizadas-galego.pdf](https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/01/ResExecutivo_ManualBBPP_InclusionVulnerabilizadas-galego.pdf)

<sup>14</sup> [https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/01/ManualBBPP\\_InclusionVulnerabilizadas-castellano.pdf](https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/01/ManualBBPP_InclusionVulnerabilizadas-castellano.pdf)



---

## AXENDA SOCIAL DE GALICIA 2023

---

Continuando co traballo realizado no 2021, no que se aprobou a Axenda Social Única de Galicia, a do 2023 realizouse un seguimento dos compromisos da Axenda, e tamén, a través da incidencia feita ante a **Dirección Xeral de Inclusión Social** nas diferentes reunións que tiveron lugar.

---

### INCIDENCIA POLÍTICA DURANTE AS ELECCIÓNS

---

---

#### 1.-ELECCIÓN MUNICIPALIS 28-M

---

EAPN- Galicia e as súas entidades membro propuxeron, a todas as candidaturas das eleccións municipais do 28 de maio, **5 principios e 8 prioridades** para reducir a pobreza e a exclusión nos concellos.

Ante a gravidade da emerxencia do acceso a unha vivenda digna e accesible, as principais propostas e medidas dedicáronse a asegurar a inclusión residencial. No documento [Concellos ao servizo das persoas](#)<sup>15</sup> propuxéronse actuacións contra a exclusión residencial, fomentando o acceso á vivenda co alugueiro social e a prevención de desafiuzamentos ou a redución da vivenda baleira.

Neste sentido solicitouse a máxima concreción nesta materia ás diferentes candidaturas electorais, ás que se lles formularon **tres preguntas**:

- ? **CANTAS** vivendas se comprometen a facilitar na vindeira lexislatura?
- ? **ONDE** van a estar situadas?
- ? **COMO** pensan afrontar cada unha das problemáticas que afectan ao acceso á vivenda digna e accesible?

---

<sup>15</sup> <https://eapn-galicia.com/nas-eleccions-municipais-do-28m-cantas-vivendas-van-a-facilitar-no-seu-concello-onde-van-a-estar-como-van-a-ser/>



## 2.-ELECCIÓNS XERAIS 2023

Baixo o lema **#23JAvanzaContraLaPobreza** realizouse a campaña **"15 metas 15 días"**, na que se propuxeron diferentes obxectivos a alcanzar relacionados coa pobreza e a exclusión, para seren tidos en conta polos diferentes partidos políticos que presentaban candidatura en Galicia ás eleccións xerais.



Dende EAPN considerouse prioritario a realización dun [Pacto Estatal de Prevención e Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social](#)<sup>16</sup> entre os partidos políticos do arco parlamentario a fin de facer efectivo o dereito da poboación a unha vida digna, en paz e seguridade, co obxecto de conseguir un alto nivel de cohesión para a sociedade española e alcanzar os obxectivos da Axenda 2030, ampliando a cobertura e a intensidade das políticas de protección social.

Ademais das citadas propostas, fíxose unha análise das propostas electorais feitas polas principais candidaturas en temas fundamentais como as rendas mínimas, a vivenda, emprego, a pobreza enerxética, a loita contra a aporofobia entre outros.



## GRUPOS DE TRABAJO

### 1.-GRUPO DE TRABAJO FONDOS ESTRUTURAIIS; NEXT GENERATION E COMITÉ SEGUIMIENTO FSE E FEDER 2021-2027

Durante o mes de marzo EAPN-Galicia asistiu á presentación do **Plan Operativo FSE+ Galicia 2021-2027**, un acto no que o director de EAPN-Galicia, Xosé Cuns, presentou a palestra “Buenas prácticas: el valor del FSE para las personas”.

<sup>16</sup> [https://www.eapn.es/ARCHIVO/documentos/noticias/1686212457\\_documento\\_propuestas\\_electorales\\_23j\\_-eapn-es\\_2023.pdf](https://www.eapn.es/ARCHIVO/documentos/noticias/1686212457_documento_propuestas_electorales_23j_-eapn-es_2023.pdf)

Tamén estivo presente na presentación do Programa **FEDER 2021-2027** e asistiu a diferentes xuntanzas do Comité de seguimento destes fondos. No referente aos Fondos Next Generation fíxose un seguimento do seu emprego así como dos programas desenvolvidos por entidades do Terceiro Sector de Acción Social galego. Nesta liña, no mes de setembro tivo lugar unha entrevista co Director Xeral de Política de cohesión e Fondos europeos, Ángel Tarrío.

---

## 2.-GRUPO TRABALLO IMV E RISGA E ESTRATEXIA INCLUSIÓN SOCIAL. NOVA TARXETA BÁSICA

---

No ámbito do **Foro de Rendas Mínimas**, celebrado o 19 de outubro baixo o lema "Ningún sen o mínimo",<sup>17</sup> o Director Xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado fixo unha exposición da proposta de xestión do IMV feito pola Xunta de Galicia, consistente nunha xestión similar ás Prestacións non contributivas. Ao longo da xornada destacáronse aspectos como unha maior compatibilidade da RISGA co traballo.

Durante o 2023, EAPN-Galicia participou na elaboración na Estratexia de Inclusión Social 2023-2030<sup>18</sup>. Fíxose unha posta en valor das entidades do Terceiro Sector de Acción Social, salientando a necesidade dunha maior comunicación e colaboración tanto entre as entidades e a Administración como entre as propias Consellerías, en particular as de Política Social, Emprego, así como o IGVS.

A Estratexia foi aprobada polo Consello Galego de Benestar Social en setembro do pasado ano.

Ao longo de todo o pasado exercicio, EAPN-Galicia destacou a importancia de recuperar a Tarxeta Básica, que se plasmou na presentación do "Informe sobre o Estado da Pobreza en Galicia 2023"<sup>19</sup>.

---


<sup>17</sup> <https://eapn-galicia.com/es/ninguen-sen-o-minimo-foro-de-debate-acceso-vital-en-galicia-pobreza-e-garantia-de-ingresos/>

<sup>18</sup> [https://politicassocial.xunta.gal/sites/w\\_polso/files/arquivos/publicacions/estratexia\\_de\\_inclusion\\_social\\_2023\\_2030.pdf](https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/publicacions/estratexia_de_inclusion_social_2023_2030.pdf)

<sup>19</sup> <https://www.eapn.es/estadodopobreza/ARCHIVO/documentos/informe-ARPE-2023-galicia.pdf>

### 3.- GRUPO DE TRABAJO DE COMUNICACIÓN

Este grupo realizou varias xuntanzas co grupo de comunicación e intensificáronse as campañas nas redes sociais. No 2023 realizáronse accións nas campañas #ChámalleX, #EmerxenciaVivenda, #Pobreza28M #EuSiVoto, #NoPongasOídoAlOodio, #23JAvanzaContraLaPobreza e #PobrezaGalicia.



O traballo en rede realizado, propiciou unha importante presenza en medios de comunicación o que contribúe a difusión das causas que se defenden dende EAPN-Galicia e as súas entidades membro. Podemos destacar a título de exemplo as seguintes:

- ✓ [Rueda se compromete con la Red contra la Pobreza a lanzar un nuevo programa de acceso a vivienda para personas sin hogar.](#) *Europa Press* (18.03). (+11 artigos semellantes)
- ✓ [Exposición EmerxenciaVivenda.](#) *TVE Galicia* (30.03).
- ✓ [Emerxencia Vivenda.](#) Entrevista. *Cadena SER* (30.03).
- ✓ [23,6% da poboación galega atopábase en risco de pobreza ou exclusión social durante o ano 2022.](#) *Nós Diario* (25.04).
- ✓ [Rede Galega contra a Pobreza alerta del drama que supone la vivienda para jóvenes, mayores y rentas bajas.](#) *Cadena SER* (10.05).
- ✓ [A emerxencia que vive a vivenda en Galicia.](#) *Xornal da Coruña* (10.05).
- ✓ [Debate Electoral A Coruña.](#) *Facultade de Arquitectura.* *Cadena SER* (10.05).
- ✓ [Más de 637.000 gallegos siguen viviendo en riesgo de pobreza.](#) *La Voz de Galicia* (23.05).
- ✓ [A pobreza e o papel distribuidor das administracións públicas, por Maite Cancelo.](#) *CRTVG* (24.05).



- ✓ [El 40% de los gallegos no puede permitirse ir de vacaciones una semana al año.](#) *El Correo Gallego* (31.05).
- ✓ [Personas vulnerables presentan en Santiago propuestas para favorecer su inserción o garantizar un empleo digno.](#) *Galiciapress* (06.06).
- ✓ [Reportaxe sobre o II Cumio galego contra os discursos de odio.](#) *TVE-Galicia* (16.06)
- ✓ [Los desahucios en la provincia son dieciocho veces más que las denuncias por ocupación.](#) *La Opinión Coruña* (05.07).
- ✓ [Los colectivos sociales insisten en la necesidad de recuperar la tarxeta básica.](#) *Cadena SER* (18.08).
- ✓ [Muerte en un piso trampa de Vigo: Sara, Ezequiel, Aldara y Rosana fueron expulsados de su chabola por la presión urbanística.](#) *ElDiario.es* (12.10).
- ✓ [El riesgo de pobreza desciende en Galicia por el efecto de las ayudas públicas.](#) *El Correo Gallego* (17.10).
- ✓ [El acceso a la vivienda en Galicia, cada vez más difícil.](#) *Cadena SER* (17.10).

---

#### 4.- GRUPO TRABAJO PARTICIPACIÓN PERSOAS EN POBREZA OU EXCLUSIÓN

---

Está integrado por profesionais e voluntarias das entidades membro: Accem, Agareso, Boa Vida Inclusión Activa, Cáritas Tui - Vigo, Cáritas Mondoñedo - Ferrol, COGAMI, Down Galicia, Emaús Galicia, Federación Alzheimer Galicia, Federación Autismo Galicia, Fundación Amaranta, Fundación Érguete- Integración, Fundación Esplai, Fundación Juan Soñador, Fundación Ronsel, Fundación Secretariado Xitano, Médicos do Mundo, Sarela e Provivienda.

Neste 2023, continuouse coa presencialidade das xuntanzas, organizando na primeira o **"Faladoiro: Entorno social e sensibilización á cidadanía"** desenvolvido por Yosehanna Ledesma, de ACCEM Galicia e Coordinadora do Grupo, no que se foi profundando en diferentes aspectos das campañas de sensibilización e nas súas repercusións. Entre as principais actividades do grupo destaca a organización do **"XIV Encontro Galego de Participación Social para a elaboración de propostas políticas"** e a participación efectiva no **"XVI Encontro de Participación Estatal"**.

---

## 5.- GRUPO TRABALLO INSERCIÓN SOCIO-LABORAL. CONVOCATORIAS COOPERA. POSTA A PUNTO PARA O EMPREGO E PIE.

---

### INSERCIÓN SOCIO-LABORAL:

No período 2022-2023 levouse a cabo o Programa Integrado para o [Fomento da Empregabilidade](#)<sup>20</sup> dirixido a persoas vulnerables co fin de determinar un novo xeito de facer inclusión socio-laboral.

Celebráronse diferentes xuntanzas coa Dirección Xeral de Inclusión na axilidade para a identificación e definición das situacións de pobreza e exclusión e sobre todo no recoñecemento das profesionais das entidades do Terceiro Sector de Acción Social. Todo o traballo se fixo en colaboración coa Consellería de Emprego.

### CONVOCATORIA COOPERA:

EAPN-Galicia realizou este ano unha aposta forte por mellorar as condicións retributivas previstas na convocatoria Coopera. Por este motivo, reuniuse coa **Secretaría Xeral de Emprego** para presentar as demandas nesta materia, co fin de que fosen recollidas na seguinte convocatoria. A incidencia feita polo grupo tivo como consecuencia o incremento das remuneracións dos posibles candidatos.

---

<sup>20</sup> [https://eapn-galicia.com/boas\\_practicas\\_emplego/](https://eapn-galicia.com/boas_practicas_emplego/)

---

## SEMINARIOS. UN XEITO DE ACHEGAR Á CIDADANÍA OS TEMAS QUE NOS PREOCUPAN

---

---

### 1.-SEMINARIO GARANTÍA DE INGRESOS EN GALICIA: CARA UNHA NOVA LEI DE INCLUSIÓN

---

No mes de marzo organizouse o seminario online: "Garantía de ingresos en Galicia: Cara a unha nova Lei de Inclusión"<sup>21</sup>, no que saíron a debate temas como a axilidade e a mínima burocracia, o acompañamento integral dos perceptores, o financiamento da

**Seminario online**

**Garantía de ingresos en Galicia**  
**Cara a unha nova Lei de Inclusión**

2 de marzo | 9.45 - 13.30  
Máis info e inscricións en [pobreza.gal](http://pobreza.gal)

**Programa**

09.45 | **Benvida e presentación xornada**

10.00 | **O IMV e o seu encaixe en Galicia:**  
Cuestións clave a abordar na complementariedade de rendas

11.30 | **Descanso**

12.00 | **Retos e oportunidades da nova Lei de Inclusión de Galicia**  
Visión desde a Administración Autonómica, Local e o Terceiro Sector de Acción social

13.30 | **Fin da xornada**

Organiza: EAPN, XUNTA DE GALICIA, GOBERNO DE GALICIA

Subvención: XUNTA DE GALICIA, GOBERNO DE GALICIA

contía da RISGA a partir do SMI, ou a posibilidade de complementar o IMV coa RISGA en determinados casos ou colectivos.

Na xornada contamos coa participación de Miguel Laparra, profesor titular de Política Social na UPNA,

Inmaculada Hérranz, profesora titular de Socioloxía da UCLM, entre outros expertos, Ana Aboy e Inmaculada López, da Subdirección Xeral de Prestacións e Programas de Inclusión da Xunta de Galicia; e Sara Abella, coordinadora do Proxecto Acceso Vital de EAPN Galicia.

---

<sup>21</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=G5Gb-8SrVfk>

---

## 2.- SEMINARIO: OS NOVOS ESCENARIOS DA INSERCIÓN SOCIO-LABORAL

---

No mes de xullo, EAPN Galicia organizou o V Seminario *“Claves para a inclusión socio laboral e o emprego digno das persoas vulnerables”*<sup>22</sup>, que tivo lugar na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) de Santiago de Compostela.

Durante a xornada traballouse sobre como deberían ser as convocatorias para levar a cabo programas integrais de inclusión socio laboral sempre desde un enfoque de emprego digno. Tamén para que sexan a nova porta a punto para o emprego ou os novos Programas Integrados de Emprego para persoas en vulnerabilidade.

O seminario foi clausurado polo secretario xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, Pablo Fernández, e a presidenta de EAPN Galicia, Ana Pardo.

---

## 3.- SEMINARIO PRÁCTICO REFORMA LEI ESTRANXEIRÍA PARA INSERCIÓN SOCIO-LABORAL DE PERSOAS MIGRANTES E REFUXIADAS

---

No mes de febreiro levouse a cabo a cabo un seminario que tivo por obxecto analizar as principais reformas introducidas no referente á lexislación en materia de estranxeiría. A xornada, impartida por Elena Maison, experta en Dereito de estranxeiría e avogada na entidade Ecos do Sur, abordou fundamentalmente as principais novidades e aplicacións prácticas do arraigo por formación.

Tralo interese amosado polas entidades membro, en xullo mostrado tivo lugar un segundo seminario práctico sobre a Lei de Etranxeiría na Escola Galega de Administración Pública.

---

<sup>22</sup> <https://eapn-galicia.com/v-seminario-emprego-digno/>

---

#### 4.-SEMINARIO ONLINE: QUE SERVIZOS OFRECE A BANCA ÉTICA ÁS ENTIDADES DO TERCEIRO SECTOR?

---

No mes de setembro tivo lugar o seminario práctico online [“Servizos para entidades do Terceiro Sector”](#),<sup>23</sup> impartido por membros de Fiare Banca Ética”, mediante Zoom.

Tiña o obxectivo de crear un espazo no que facilitar información e solucións ás entidades non lucrativas interesadas sobre os servizos que ofrece Fiare Banca Ética para a xestión da operatividade cotiá, a captación de fondos, a xestión da tesouraría ou ferramentas de financiamento e crédito e amosar a existencia de boas prácticas no sector bancario que persegue un modelo de desenvolvemento humano e sostible.

O evento estaba incluído dentro da campaña contra a exclusión financeira, que comezou no 2021 e na que se levaron a cabo [accións de incidencia política contra a exclusión e a aporofobia bancarias por parte de EAPN Galicia](#) contando coas entidades membro e outros actores sociais.

---

#### **INCIDENCIA AMTEGA. FENDA DIXITAL, INTELIXENCIA ARTIFICIAL, IMPLICACIÓN TERCEIRO SECTOR DE ACCION SOCIAL**

---

A incidencia neste eido centrouse especialmente na elaboración do documento *“Propostas EAPN Galicia para a elaboración da Lei de Planificación, organización e impulso da Intelixencia Artificial en Galicia”*. As achegas presentadas por EAPN-Galicia tiveron como finalidade evitar posibles situacións de discriminación derivadas dos programas , algoritmos e uso de datos nos sistemas de intelixencia artificial.

---

<sup>23</sup> <https://eapn-galicia.com/seminario-online-que-servizos-ofrece-a-banca-etica-as-entidades-do-terceiro-sector/>



---

## **GRUPOS AD HOC PARA UN MELLOR CUMPRIMENTO DE OBJECTIVOS**

---

---

### **1.- GRUPO AD HOC REXISTRO E PLAN CONTRA POBREZA EN FAMILIAS MONOPARENTAIS**

---

EAPN Galicia incidiu ante a Xunta de Galicia na necesidade de dar cumprimento ao establecido na Lei de Impulso Demográfico, é dicir, a creación do *Rexistro de Familias Monoparentais de Galicia* e o *Plan de Loita contra a pobreza en Familias Monoparentais*.

Neste ano 2023, incidíuse neste tema ante a D.X de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e introducíuse como demanda a elaboración dun *Plan para Familias Monoparentais na Estratexia de Inclusión Social de Galicia* para os anos 2023-2030.

Ademais, a situación das Familias Monoparentais foi exposta por María Inmaculada Alonso, Presidenta de FAGAMOS (Asociación de Familias Galegas Monoparentais), ante a Valedora do Pobo, Dona María Dolores Fernández Galiño, con ocasión do encontro que tivo lugar o 17 de outubro a continuación da presentación do [XIII Informe da Pobreza en Galicia 2023](#)<sup>24</sup>.

---

### **2.- GRUPO AD HOC CONVOCATORIA IRPF**

---

Durante o 2023, EAPN-Galicia realizou a reclamación dos pagos pendentes de diversas convocatorias de subvención, entre elas a do IRPF.

A convocatoria estivo dividida, realizándose unha primeira análise da convocatoria destinada á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, e

---

<sup>24</sup> <https://eapn-galicia.com/a-inflacion-as-dificultades-de-acceso-a-vivenda-e-o-elevado-prezo-da-enerxia-lastran-aos-fogares-mais-vulnerables/>

outra, destinada á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades no ano 2023.

---

### 3.- GRUPO AD HOC CONVOCATORIA INCLUSIÓN 2023/2025

---

No ano 2023 realizouse unha comparativa entre a ORDE do 4 de maio de 2020 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e a ORDE do 27 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social.

Realizouse unha análise sobre a recollida de emendas a esta convocatoria propostas por EAPN Galicia, igualmente, houbo melloras no establecemento, aínda que sexa parcial de partidas destinadas a gastos de equipamento, e un incremento do valor €/h nos casos de formación.

---

#### **CREACIÓN DO FORUM XURÍDICO DO TERCEIRO SECTOR SOCIAL GALEGO**

---

No mes de setembro tivo lugar o [I Encontro do Forum Xurídico do Terceiro Sector de Galicia na defensa dos dereitos das persoas.](#)

O Encontro contou coa participación de membros de entidades vinculadas a EAPN Galicia: Boa Vida, Fundación Secretariado Gitano. AMIGA, Down Galicia, Ecos do Sur, COGAMI. Fundación Juan Soñador, FEGADACE e IGAXES, así como xuristas externos pertencentes a CEGASAL ou FIARE.



O encontro tivo como resultado a constitución do Forum Xurídico formado por profesional xurídico do Terceiro Sector das entidades membro de EAPN Galicia, **unha rede profesional de contacto, apoio mutuo, traballo en rede e difusión de coñecemento** de profesionais que abordan problemáticas recorrentes, formas de resolución e experiencias profesionais, ademais de levar a cabo unha labor de incidencia política na loita contra a pobreza e a exclusión social.

Neste Forum formáronse internamente dous grupos de traballo concretos sobre estranxeiría e discapacidade.

---

### **OUTRAS ACTUACIÓNS DE INCIDENCIA POLÍTICA SOBRE NORMATIVA XURÍDICA DE APLICACIÓN**

---

Ao longo do 2023 foise traballando sobre diferentes cuestións nas que se levaron a cabo accións de incidencia sobre normativa xurídica de aplicación. Dos diferentes seminarios, foros e encontros realizados extraeuse unha importante información que servirá para a mellora das futuras reformas legislativas que se van facer. Destacan as propostas que se recolleron cara á reforma da futura **Lei de Inclusión de Galicia**.

As novas realidades dixitais, e as posibilidades derivadas dunha implantación das mesmas que non garanta a ausencia de discriminacións, levounos a participar na consulta pública da futura **Lei de Intelixencia Artificial de Galicia**.

Tamén, con motivo das eleccións para a renovación dos membros do Consello Galego de Benestar, analizouse a normativa existente e fíxose incidencia para a modificación dos criterios de outorgamento de avais á espera da reforma da normativa vixente.

---

### **II CUMIO GALEGO CONTRA O DISCURSO DO ODIO E A APOROFOBIA**

---

Os días 15 e 16 de xuño, no edificio CIEDUS da Universidade de Santiago, celebrouse o **II Cumio contra os discursos de Odio**<sup>25</sup> para coñecer e crear rede entre as múltiples

---

<sup>25</sup> <https://eapn-galicia.com/compostela-acolle-o-16-de-xuno-a-segunda-edicion-do-cumio-galego-contra-o-discurso-de-odio/>

iniciativas postas en marcha para difundir o discurso alternativo e maioritario de defensa dos dereitos e a dignidade das persoas.

A xornada do 15 de xuño estivo dirixida ao eido da educación, mentres que 16 a xornada estivo especialmente dirixida a organizacións e colectivos sociais. Ademais realizouse un [intercambio de experiencias inspiradoras e boas prácticas](#)<sup>26</sup> dinamizado dende EAPN Galicia. Para o intercambio contouse con:

- Save a hater e Ódiame (Accem)
- Xeración Contrainfo (Agareso)
- Moito que facer (FAGAMOS- Asociación de Familias Monomarentais de Galicia, co apoio de FAMS)
- Guía de estilo sobre persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais (Down Galicia)
- #ContrAporofobia: No pongas oído al odio (EAPN-España)
- Proxecto CibeRespect (Ecos do Sur)
- Xeitos de ver (Fundación Érguete-Integración)
- #SinPrejuiciosRCM (Fundación Esplai)
- Déjame que te cuente (Fundación Juan Soñador)
- Litixio estratéxico: defensa xurisdiccional ás vítimas de discriminación e delitos e o Servizo de Asistencia e Orientación a Vítimas de Discriminación Racial ou Étnica (Fundación Secretariado Xitano)
- Soños (Igxes)

Ademais, a ONGD Ecos do Sur aproveitou o espazo do Cumio para compartir a experiencia de realidade virtual inmersiva [“The Machine To Be Another”](#)<sup>27</sup> un proxecto que vén de activar coa organización [Be Another Lab](#) sobre as dificultades que vive unha persoa migrante e que está actualmente en fase de tésteo.

<sup>26</sup> <https://eapn-galicia.com/o-ii-cumio-galego-contra-o-odio-xa-esta-en-marcha-buscamos-iniciativas-e-boas-practicas-contra-a-aporofobia-e-pola-tolerancia/>

<sup>27</sup> <https://makerfairegalicia.com/proyectos/the-machine-to-be-another-tmba>



---

## 1.- SEMINARIO FERRAMENTAS COMUNICACIÓN E INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA A INCLUSIÓN SOCIAL E CONTRA A APOROFOBIA

---

Este seminario realizouse no marco do [II Cumio contra o odio](#)<sup>28</sup> celebrado no mes de xuño. A xornalista e investigadora Paula Guerra Cáceres, do colectivo **AlgoRace-**(Des)racializando a Intelixencia Artificial (IA), fixo unha palestra baixo o título *“Una introducción a la IA y la discriminación algorítmica para movimientos sociales”* na que nos falou dos posibles perigos da IA como ferramenta que pode dar lugar a discriminacións mediante a creación de perfís ou de conductas predictivas.

---

### **PARTICIPACIÓN EN EVENTOS LOITA CONTRA A POBREZA, PREXUÍZOS E APOROFOBIA**

---

EAPN Galicia participou en diferentes relatorios e eventos coa idea fundamental de transmitir a importancia da loita contra a pobreza e a exclusión social, facendo fincapé na proliferación dos discurso do odio, a aporofobia e a exclusión residencial.

- 👤 **Facultade de Xeografía e Historia da USC**, mesa redonda sobre Acceso á vivenda (03.02).
- 👤 **Palestra na Fundación Escuela Universitaria de Relaciones Laborales, A Coruña** (06.02).
- 👤 **Palestra sobre Desigualdades en Colexio Divino Maestro** (10.02).
- 👤 **Método Delphi sobre as políticas do Estado de Benestar para alcanzar o obxectivo de 1.5 grados”, Proxecto Europeo POLICIES AND TOOLS FOR MAINSTREAMING 1.5°- LIFESTYLES (EU 1.5° LIFESTYLES)** (UDC 03.07).
- 👤 **Consello Asesor Esplai**. “Claves de futuro no Terceiro Sector.” (03.07).
- 👤 **Escola Universitaria de Traballo Social USC** (outubro a novembro)
- 👤 **CIFP Integración Social Compostela** (novembro).

EAPN-Galicia participou no Foro debate *“Desmontando las #Hatenews y los discursos de odio”*<sup>29</sup> Tamén é salientable a celebración dun **Convenio colaboración** entre EAPN-

---

<sup>28</sup> <https://eapn-galicia.com/compostela-acolle-o-16-de-xuno-a-segunda-edicion-do-cumio-galego-contra-o-discurso-de-odio/>

<sup>29</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=jGPFB5sGXQ8>



Galicia e a Universidade Internacional da Rioxa (UNIR) para impartir clases prácticas aos estudantes do grao universitario de Psicoloxía da UNIR sobre o tema aporofobia.

---

### **XIV ENCONTRO GALEGO DE PARTICIPACIÓN E APOIO A DELEGACIÓNS ENCONTRO ESTATAL E EUROPEO**

---

O 6 de xuño e baixo o lema *“EMPREGO, A TODA COSTA?”* celebrouse en Santiago de Compostela o **XIV Encontro de Participación social**, evento de referencia en Galicia de participación de persoas en risco ou situación de pobreza e exclusión social.

A xornada estivo precedida pola elaboración duns obradoiros previos nas entidades participantes.

Xa o día do Encontro realizouse en primeiro lugar unha Mesa redonda baixo o lema: *“Cara unha sociedade na que o traballo non exclúa”*.



Neste 2023 o tema central foi a elaboración de propostas de incidencia política que favorezan a inclusión sociolaboral, garantindo empregos dignos e reforzando o recoñecemento das prestacións sociais e rendas mínimas coma un dereito.

Durante a xornada as **persoas asistentes traballaron en grupos** e elaboráronse propostas de incidencia política en torno a dúas dimensións: o dereito das persoas a ter acceso a un emprego digno e de calidade en igualdade de oportunidades e sen discriminación; e as prestacións sociais coma un dereito.

Despois, fíxose unha posta en común das propostas feitas e elaborouse un documento de conclusións do que naceu un **Manifesto**<sup>30</sup> no que se recollen as propostas de incidencia política que favorezan a inclusión sociolaboral, garantindo empregos dignos e reforzando o recoñecemento das prestacións sociais e rendas mínimas coma un dereito.

---

<sup>30</sup> <https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2023/06/Manifesto-lectura-conclusiones-XIV-Seminario-Participacion-2023.pdf>

Con este manifesto, a fotógrafa Uxía Pérez Fieiras da [Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social \(AGARESO\)](#) elaborou o vídeo [“Emprego, a toda costa?”](#)<sup>31</sup> onde se recollen as demandas para a inclusión socio-laboral e a garantía de ingresos, da propia voz das persoas participantes:

Do 19 ao 21 de abril, celebrouse en Toledo o **“XVI Encontro Estatal de Participación de EAPN-ES: Hacia una nueva estrategia estatal de lucha contra la pobreza”** . Para este Encontro desprazáronse a Toledo catro persoas en pobreza ou exclusión dalgunhas das entidades membro de EAPN Galicia: Emaús, Fundación Secretariado Xitano, APES e Accem, xunto cunha técnica da rede.

Previamente a este encontro realizouse unha **dinámica en Vigo no que as persoas participantes das entidades membro de EAPN Galicia** prepararon un programa político para o Encontro Estatal de Participación en materia de vivenda digna e accesible, loita contra a pobreza, emprego para persoas en situación de exclusión e outras medidas transversais como a redución burocrática ou a non discriminación.



<sup>31</sup><https://www.youtube.com/watch?v=asmVn8IHd6M>

## LOITA POLA ERRADICACIÓN DA POBREZA

### 1.- INFORME ESTADO POBREZA 2023

O 17 de outubro, **Día Internacional para a Erradicación da Pobreza**, as accións da rede foron encamiñadas á publicación dos novos datos de pobreza en Galicia, a través da presentación nun acto celebrado na Valedoría do Pobo Galego do [XIII Informe anual 'O Estado da pobreza en Galicia 2023'](#)<sup>32</sup>



- 636.000 persoas, o 23,6% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social no 2022, cifra inferior ao ano anterior.

- A inflación, o encarecemento dos combustibles e enerxía eléctrica e especialmente as dificultades de acceso á vivenda agravan a Privación Material e Social Severa.

Outro dos aspectos destacados do informe son os datos relativos á vivenda:

Todos os indicadores certifican a continúa emerxencia residencial e de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible.

Ademais, o aumento de prezos de enerxía pola guerra de Ucraína, a elevada inflación e o incremento dos prezos de acceso á vivenda, ten como consecuencia o aumento das persoas que non poden permitirse manter a vivenda a unha temperatura adecuada, o 13,1% no 2021 e o 19,4% no 2022.



<sup>32</sup> <https://eapn-galicia.com/a-inflacion-as-dificultades-de-acceso-a-vivenda-e-o-elevado-prezo-da-enerxia-lastran-aos-fogares-mais-vulnerables/>

---

## 2.- DÍA ERRADICACIÓN DA POBREZA: ACTO VALEDORA DO POBO E PARLAMENTO

---

O informe sobre o Estado da Pobreza en Galicia do 2023 presentouse nun acto xunto á **Valedora do Pobo de Galicia**, María Dolores Fernández Galiño e representantes de grupos parlamentarios, plataformas do Terceiro Sector de Acción Social e entidades membro de EAPN Galicia.

Trala presentación, a Valedora do Pobo de Galicia, reuniuse para escoitar a realidade cotián dun grupo de participantes



que asistirán ao **XIV Encontro Galego de Participación**. Tendo como base o Manifesto que xurdiu do mesmo, os participantes expuxeron as súas principais preocupacións, ao tempo que facían suxestións de posibles accións de mellora de actuación das Administracións.

---

### **APOIO ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA: CONSELLO ECONOMÍA SOCIAL**

---

EAPN Galicia é membro do **Consello Galego de Economía Social**, en representación das entidades do Terceiro Sector Social (asociacións e fundacións). Neste senso participouse activamente na xuntanza do Consello (18.10).

Tamén se participou en actividades organizadas polo **Foro de Economía Social de Galicia**, como a súa asemblea do 14 de xuño ou na **Xornada "Tecendo redes para o emprendemento na economía social"** organizada por EspazoCoop (06.07)



---

## **CAMPAÑA X SOLIDARIA IRPF E IMPOSTO SOCIEDADES 2023**

---

Un ano mais as organizacións de acción social galegas deron visibilidade á importancia de marcar a casiña de Fins Sociais na **Declaración da Renda** coa **Campaña X Solidaria 2023**, no marco da campaña Estatal.

Baixo a etiqueta **#ChamalleX** EAPN Galicia, a Plataforma de Infancia de Galicia e CERMI Galicia xunto coas ONG de Galicia lanzaron a campaña nas redes sociais con vídeos de persoas beneficiarias de programas financiados co X Solidario.

Este 2023 como acto de rúa, O Terceiro Sector galego presentou na Praza da Quintana a campaña da X Solidaria cun X grande de tea sostido por persoas representantes de diferentes entidades sociais. Neste acto leuse o Manifesto da campaña do 2023.

Este ano, os cancelos **#ChámalleX** e **#LámaloXSolidaria**.



Tamén, coincidindo co inicio da campaña para a presentación do Imposto de Sociedades as ONG galegas representadas por EAPN Galicia, baixo a etiqueta [#EmpresasConImpacto](#), CERMI Galicia e Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, pedimos a colaboración das empresas para que marcasen o Cadro Empresa no seu Imposto de Sociedades.



---

## **INCIDENCIA INCLUSIÓN FINANCEIRA E APOROFOBIA BANCARIA. DOCUMENTO GUÍA PARA ENTIDADES**

---

EAPN-Galicia elaborou un *Plan de incidencia política en materia de exclusión bancaria* continuando coas accións que se levaron a cabo en anos anteriores, así como as reiteradas problemáticas que perciben dende as entidades membro e que son obxecto de preocupación:

1. As dificultades de acceso ás contas de pago básicas, tanto, para aquelas persoas que teñen unha conta aberta e a que non se lles permite comezar a tramitar unha conta de pago básica. No relativo a isto estivemos a realizar unha labor de investigación sobre a lexislación vixente e as vías existentes para resolver esta problemática. Despois disto, procedemos á elaboración dunha **guía básica de exclusión bancaria para entidades**.
2. As comisións elevadas que están a percibir as entidades do Terceiro Sector.
3. Os embargos de contas de perceptores de axudas como a RISGA ou calquera outra prestación autonómica ou municipal para as persoas en situación de pobreza ou exclusión social.

---

## **PLAN RENOVE ELECTRODOMÉSTICOS. INFORME E DIFUSIÓN SOBRE OPORTUNIDADE PERSOAS VULNERABLES**

---

O **Instituto Enerxético de Galicia (IMEGA)** ven convocando dende hai anos unha axuda que, en aras de obter un uso razoable e eficiente da enerxía, favorece a renovación de electrodomésticos.

Co fin de coñecer o alcance real destas axudas nestes colectivos solicitouse a Consellería os datos estatísticos para poder facer un estudio detallado.

Mentres estamos a espera da información administrativa imprescindible, **fíxose unha comparativa das convocatorias publicadas nos anos 2020 a 2023** cos datos que publica a IMEGA relativas a solicitudes, tipos de electrodomésticos ou datos desagregados por provincias e solicitude.

---

**CAMPAÑAS COMUNICACIÓN: #EMERXENCIAVIVENDA,  
#POBREZAGALICIA #APOROFOBIABANCARIA  
#POBREZA28M**

---

Durante o 2023 desenvóléronse diversas campañas a través do Grupo de Comunicación de EAPN Galicia e contando co apoio das entidades membro.

- # A campaña **#EmerxenciaVivenda** deu comezo en 2021. No 2023 seguimos a reforzar esta campaña, xunto coa exposición itinerante de vivenda. Deste xeito, o día 30 de marzo deste ano, coa inauguración da exposición, realizouse unha campaña por redes sociais mediante o cancelo **#EmerxenciaVivenda**, que contou co apoio das entidades membro, e que na plataforma X (antes Twitter) conseguiu ser Tendencia. Ao longo do ano continuamos usando este cancelo.
- # Na campaña das eleccións municipais do 28 de maio lanzamos unha campaña cos cancelos **#Pobreza28M #EuSiVoto** mediante os que difundimos as nosas propostas para as eleccións e, en materia de vivenda e interpelamos aos candidatos políticos a través das RRSS para preguntarlles que van facer para asegurar o acceso á vivenda, mediante as preguntas: CANTAS vivendas se comprometen a facilitar na vindeira lexislatura?; ONDE van a estar situadas? E COMO pensan afrontar cada unha das problemáticas que afectan ao acceso á vivenda digna e accesible?
- # O 17 de outubro polo **Día Internacional da Erradicación da Pobreza**, realizamos unha campaña en redes sociais co cancelo **#PobrezaGalicia**. Dita campaña alongouse durante as seguintes semanas, nas que se publicaron infografías e información cos principais datos de pobreza en Galicia, do último informe, artigos de medios de comunicación.

#

---

## **BOLETÍNS PARA UNHA MELLOR DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN**

---

---

### **1.- BOLETÍN "ENREDESOCIAL" 26 EDICIÓN**

---

O boletín informativo quincenal EnRedeSocial, seguiu este 2023 con información de interese no eido da acción social e defensa de dereitos, así como das actividades desenvolvidas desde as ONG de acción social e de cooperación.

Ao remate deste ano, se editaron 26 números. Co interese e utilidade que suscita EnRedeSocial, as persoas subscritoras aumentaron ata as 1523.

---

### **2.- BOLETÍN SEMANAL INTERNO. NOVIDADES CONSELLO XUNTA, NOVAS POLÍTICA SOCIAL, MATIASS, ETC**

---

Co fin favorecer que as entidades membro teñan coñecemento das novas que poidan ser do seu interese, elaborouse cada semana un boletín no que, de forma breve, facíaselles unha achega do mais salientable da semana, recollendo diferentes aspectos como publicación de axudas, novidades legislativas ou formacións de interese entre outros.

---

### **PLAN TRANSFORMACIÓN DIXITAL EAPN GALICIA (OFFICE 365, ONE DRIVE, TEAMS, NOVA WEB)**

---

Este ano continuouse coa renovación dixital na EAPN-Galicia, que tivo como consecuencia a implementación do Microsoft Office 365, realizando unha migración documental ao One Drive e ampliando o uso de Teams e as súas ferramentas.

Participamos tamén no *Plan de Transformación Dixital da Fundación Esplai*, que se levou a cabo ao longo deste ano e que nos axudou a continuar implantando Microsoft Office 365.

Ademais diso, colaboramos coa Fundación Esplai no financiamento de dous cursos: Microsoft Office Word 2016 e Microsoft Office Word Excel 2016, dirixido ao persoal das entidades membro, mediante o cal, unha vez superado o curso, se obtiña unha certificación oficial de Microsoft.

---

### **COLABORACIÓN CA VALEDORÍA DO POBO. XORNADA PARTICIPACIÓN E INFORMES EXCLUSIÓN BANCARIA E CHABOLISMO/INFRAVIVENDA**

---

Organizouse un encontro coa Valedora do Pobo e o seu equipo tras o acto de presentación do XIII Informe do Estado da Pobreza en Galicia 2023.

Tras o acto de presentación realizouse unha xuntanza privada coa Valedora do Pobo, o Secretario Xeral do Valedor do Pobo e responsables de área como vivenda, na que participaron persoas en pobreza e exclusión social das entidades membro.

O obxectivo desta xuntanza crear un espazo formal e de confianza para que as persoas en pobreza e/ou exclusión presentasen as súas demandas e propostas, para que a Valedora poida tramitalas diante das administracións públicas afectadas de ser posible.

Priorizamos aquelas que xurdiron no recente *XIV Encontro Galego de Participación de EAPN Galicia* e que tiña como temática central o acceso a un emprego digno e a inclusión socio-laboral, así como a asegurar un sistema de garantía de ingresos. Ademais disto, as persoas participantes puideron presentarlle á Valedora e ao seu equipo as súas demandas, queixas ou temas particulares ou da entidade, que a Valedora escoitou e deu en gran parte resposta ou posibles vías de accións

Finalmente, xunto a Valedora do Pobo e en colaboración con EAPN España o 14 de decembro organizouse a xornada *"El acceso a los servicios esenciales y la participación de las personas mayores en la defensa de sus derechos"*.

## MÁIS INFO

- 👁️ [www.pobreza.gal](http://www.pobreza.gal)
- 👁️ @EAPNGalicia en X
- 👁️ EAPN Galicia e EnRedeSocial en Facebook
- 👁️ EAPN Galicia en LinkedIn

📧 [Subscríbete a En Rede Social](#) e súmate ás 1636 persoas que xa reciben cada quince días o boletín de referencia do Terceiro Sector Social galego.

